

DENUNCIA DOS RECORTES NA DOTACIÓN DE PERSOAL PARA O CURSO 2021-22

A comunidade educativa do IES Nº 1 de Ribeira desexa expoñer as condicións nas que se está a desenvolver a organización do presente curso escolar, denunciar os recortes que a administración educativa está a aplicar e manifestar o seu absoluto rexeitamento.

Para o curso 2021-22 a dotación de persoal docente do noso centro está sendo recortada en sete profesores ou profesoras. É preciso aclarar que esta diminución de profesorado non se dá respecto á dotación do curso 2020-21, ano no que o cadro de persoal se reforzara puntualmente para permitir implementar as medidas de distanciamento esixidas polas disposicións sanitarias impostas pola epidemia de COVID. A redución de sete profesores ou profesoras realízase con respecto á dotación do curso 2019-20, sen que veña xustificada por unha modificación na oferta educativa do centro nin por unha redución no volume do noso alumnado. Cómpre lembrar que a situación sanitaria segue sendo a mesma có curso pasado e hai que manter as mesmas medidas, agás a distancia interpersoal nas aulas, o que fai menos entendible aínda a redución de persoal.

Non estando xustificada a redución no cadro de persoal do centro por unha alteración das condicións, a comunidade educativa do IES expresa a súa oposición e reclama unha revisión desa decisión que consideramos arbitraria e contraria á ambición de excelencia na calidade dos centros educativos públicos, xa que estes son a mellor garantía de formación en igualdade e sen discriminación de ningún tipo. Esta ambición de excelencia acádase con investimento en educación e non con mensaxes baleiras que a continuación se materializan en actuacións como as que estamos a denunciar.

É fácil deducir que, de non revisarse esta decisión da Consellería de Educación, este recorte repercutirá nun deterioro da calidade educativa do centro e obrigará a prescindir de ofertas educativas e medidas de reforzo e apoio que estaban consolidadas e cuxo mantemento consideramos imprescindible, como son:

-Agrupamento de 1º ESO: Os agrupamentos permiten que o alumnado que vén do centro de Primaria con informe de necesidades de reforzo educativo ou que, tras unha avaliación inicial, se constata como necesitado del, reciba unha atención máis personalizada nun grupo reducido nas materias instrumentais básicas. Isto permite tamén un desenvolvemento máis áxil dos contidos desas materias para o resto do alumnado.

-Perda dunha vacante de PT: Dos sete profesores e profesoras que recortan, segundo se indica no comezo deste documento, hai que sinalar que unha praza corresponde a PT (pedagogía terapéutica). Este profesorado está especializado en atender ao alumnado con necesidades educativas especiais e a súa perda implica unha peor atención á diversidade.

-Reforzo ao alumnado con materias pendentes: As clases que se viñan ofertando non poderán impartirse, o que supón que este alumnado con dificultades non contará con ese apoio.

-Desdobramentos de inglés: Estes desdobramentos de grupo nunha hora semanal nas clases de idioma estranxeiro permiten exercitar de xeito eficaz a lingua oral, imprescindible para acadar un nivel de fluidez aceptable.

-Laboratorios de Bioloxía e Física e Química: Estas sesións permiten abordar as materias dun xeito experimental, tal como se contempla na súa programación.

-Desdobramentos nos talleres de Tecnoloxía: Isto permite traballar cun menor risco para a seguridade do alumnado.

-Opcións de Bacharelato: O recorte de persoal pode impedir manter a habitual variedade da oferta de materias que se adaptan ás aspiracións, preferencias ou sensibilidades dunha parte do alumnado. Esta ampla optatividade é unha característica do noso centro (mesmo se recolle no PEC).

-Alfabetización: A alfabetización vén sendo unha oferta educativa consolidada no centro, que desempeña un papel esencial na integración de persoas inmigrantes, facilitando a adquisición dunha competencia comunicativa imprescindible para a súa promoción persoal e profesional.

-Biblioteca: O centro ten unha oferta educativa que abrangue dende as 9 da mañá ata as 22:10 da noite, con alumnado de diúrno e tamén de adultos e da Escola Oficial de Idiomas. O recorte do cadro de persoal obrigará a reducir o horario de atención á biblioteca deixando sen este servizo ao alumnado durante boa parte do seu horario.

-Gardas: Nas gardas de clase verase reducido o número de profesores/as, co agravante de que o protocolo COVID foi prorrogado de cara ao vindeiro curso. Tamén se ven afectadas as gardas de recreo que, seguindo o protocolo COVID, deben ser en catro zonas claramente diferenciadas nos patios exteriores e nos tres corredores do centro.

Por todo isto, reiteramos a nosa oposición á actuación da administración educativa e reclamamos o mantemento do cadro de persoal do curso 2019-20.